

## ORDE CIRCULAR 1/2017 POLA QUE SE ESTABLECEN OS LÍMITES A PARTIR DOS QUE É EXIXIBLE UNHA GARANTÍA PREVIA PARA TRANSPORTES ESPECIAIS

### I. ANTECEDENTES

O artigo 91 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia define como usos especiais da estrada, entre outros, aos transportes especiais.

Segundo a normativa vixente en materia de circulación e vehículos, cando este uso especial requira autorización previa ou complementaria, a Administración titular emitirá un informe vinculante.

O punto 4 do artigo 91 antedito establece como condición para a emisión dun informe favorable, a constitución dunha garantía co obxecto de responder polos danos e perdas que se puideran ocasionar no dominio público viario.

Dado que non é necesaria a constitución desta garantía en todos os casos e para que sirva de aclaración na aplicación do artigo 91.4 do Decreto 66/2016, redáctase a presente Orde para establecer en qué casos si é exixible garantía e en qué casos non.

### II. EXIXENCIA DE GARANTÍA PARA TRANSPORTES ESPECIAIS

#### 1. Exixencia de garantía

Como norma xeral, esixírase unha garantía aos transportes especiais que se realicen cun vehículo que teña algunha das súas dimensións superior ás establecidas na seguinte táboa:

	Dimensións do transporte especial
Anchura	> 5 m
Lonxitude	> 50 m
Altura	> 4,70 m
Masa máxima	> 130 toneladas
Masa por eixe	Superior, en cada caso, á indicada na táboa ou gráfico incluídos no Anexo I da Nota de Servizo 2/2016*

*\*Nota de Servizo 2/2016 do Ministerio de Fomento, sobre as instrucións para a emisión dos informes preceptivos e vinculantes relativos a solicitudes de autorización de transportes especiais.*

Xúntase a esta Orde o Anexo I da Nota de Servizo 2/2016 do Ministerio de Fomento.

Cando as dimensións do transporte non superen ningún dos valores indicados na táboa non será preciso a constitución de garantía salvo que, de maneira excepcional e segundo o criterio do técnico que suscriba o informe esté xustificoado que se considere que o transporte especial pode ocasionar danos ou perdas no dominio público da estrada ou nos seus elementos funcionais. Neste caso, a Axencia Galega de Infraestruturas poderá esixir a constitución da garantía en calquera caso independentemente das dimensións do transporte.



## 2. Importe da garantía.

Tal e como establece o do Decreto 66/2016, previo á emisión do informe favorable, o órgano tramitador da provincia esixirá a constitución dunha garantía de 3.000 € aos transportes especiais que estean incluídos no apartado II.1 desta Orde.

Este importe poderá variar, previa xustificación polo órgano que emite o informe, á vista das condicións particulares do propio transporte e das estradas polas que circula.

No caso de empresas que soliciten con frecuencia autorizacións para transportes incluídos no apartado II.1 desta Orde, poderá constituírse unha garantía global de 10.000 € por provincia.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas



Francisco Menéndez Iglesias





ANEXO I: TÁBOA E GRÁFICOS DA NOTA DE SERVIZO 2/2016 DO MINISTERIO DE FOMENTO

Carga máxima por eje según tipología de ejes y distancia entre ejes. (toneladas)

Distancia entre ejes (m)	Eje o línea de ejes aislada			
	0---0	00---00	0-0 0-0	00-00 00-00
>=1,80	12,60	13,80	18,60	19,80

  

Distancia "x" entre ejes (m)	Grupo de 2 ejes o líneas de ejes				Grupo de 3 o más ejes o líneas de ejes			
	0---0	00---00	0-0 0-0	00-00 00-00	0---0	00---00	0-0 0-0	00-00 00-00
0,90 ≤ x < 0,95	10,80	11,40	16,20	16,80	9,00	10,20	13,80	15,00
0,95 ≤ x < 1,00	10,93	11,60	16,47	17,07	9,33	10,47	14,20	15,40
1,00 ≤ x < 1,05	11,07	11,80	16,73	17,33	9,67	10,73	14,60	15,80
1,05 ≤ x < 1,10	11,20	12,00	17,00	17,60	10,00	11,00	15,00	16,20
1,10 ≤ x < 1,15	11,33	12,20	17,27	17,87	10,33	11,27	15,40	16,60
1,15 ≤ x < 1,20	11,47	12,40	17,53	18,13	10,67	11,53	15,80	17,00
1,20 ≤ x < 1,25	11,60	12,60	17,80	18,40	11,00	11,80	16,20	17,40
1,25 ≤ x < 1,30	11,73	12,80	18,07	18,67	11,33	12,07	16,60	17,80
1,30 ≤ x < 1,35	11,87	13,00	18,33	18,93	11,67	12,33	17,00	18,20
1,35 ≤ x < 1,40	12,00	13,20	18,60	19,20	12,00	12,60	17,40	18,60
1,40 ≤ x < 1,45	12,20	13,27	18,60	19,40	12,20	12,80	17,80	18,80
1,45 ≤ x < 1,50	12,40	13,33	18,60	19,60	12,40	13,00	18,20	19,00
1,50 ≤ x < 1,55	12,60	13,40	18,60	19,80	12,60	13,20	18,60	19,20
1,55 ≤ x < 1,60	12,60	13,47	18,60	19,80	12,60	13,30	18,60	19,30
1,60 ≤ x < 1,65	12,60	13,53	18,60	19,80	12,60	13,40	18,60	19,40
1,65 ≤ x < 1,70	12,60	13,60	18,60	19,80	12,60	13,50	18,60	19,50
1,70 ≤ x < 1,75	12,60	13,67	18,60	19,80	12,60	13,60	18,60	19,60
1,75 ≤ x < 1,80	12,60	13,73	18,60	19,80	12,60	13,70	18,60	19,70

0---0 Eje simple con rueda sencilla  
0-0 0-0 Semieje con rueda sencilla  
00---00 Eje simple con rueda gemela  
00-00 00-00 Semieje con rueda gemela